

ACORDO DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN SANTIAGO APÓSTOL DE CIENCIAS SOCIALES, ENTIDADE XURÍDICA TITULAR DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL DE SANTIAGO, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO EN TRABALLO SOCIAL IMPARTIDOS NA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa no seu nome e na súa representación en virtude do Decreto 35/2022, de 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, do 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei or-



gánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

E doutra, dona Teresa Facal Fondo con NIF: 32.748.615-L, que actúa en calidade de directora da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais e da Escola Universitaria de Traballo Social (EUTS), centro adscrito á USC con CIF: G15666514 e con domicilio social na Praza da Inmaculada, nº 5, 3º andar de Santiago de Compostela. Actúa en virtude da escritura de poder outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Hector Ramiro Pardo García (nº protocolo 160) con data 9 de febreiro de 2021, que foi debidamente inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia.

As partes intervenientes recoñécense mutuamente capacidade legal para subscribir o presente acordo, e para iso,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O 10 de marzo de 2022, asínase o convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais, entidade xurídica titular da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago, no que se establecen a forma e condicións de cooperación entre as partes para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao en Traballo Social nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde ou a Consellería de Sanidade, no ámbito das súas competencias, poñan á disposición a tal fin.

SEGUNDO. O 26 de novembro do 2024, asínase a addenda que engade a cláusula décimo cuarta bis relativa á "*Inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas externas baixo a aplicación do presente convenio*" e modifica a cláusula décimo quinta "*Financiamento do convenio*" do convenio asinado con data 10 de marzo de 2022.





TERCEIRO. Na cláusula vixésimo primeira do convenio “*Vixencia do convenio, modificación e prórroga*” previuse que o prazo de vixencia sería de catro anos desde o día seguinte ao da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais.

CUARTO. As partes consideran de interese continuar coa colaboración iniciada con base no convenio de colaboración mencionado e estiman que é necesaria a súa renovación

É por iso que as partes,

ACORDAN

PRIMEIRO.- Prorrogar a duración do convenio por catro anos máis, prazo que se computará a partir do día 10 de marzo de 2026 e ata o 9 de marzo de 2030.

SEGUNDO.- O resto das cláusulas contidas no convenio e na súa adenda permanecerán inalteradas.

E en proba de conformidade, asíñase o presente acordo de prórroga na data da sinatura dixital

O Conselleiro de Sanidade e Presidente do
Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega
para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Antonio Gómez Caamaño

A Directora da Fundación Santiago Apóstol
de Ciencias Sociales

Teresa Facal Fondo

O Reitor da Universidade de Santiago de
Compostela

Antonio López Díaz

